

ENTREVISTA | FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

AUTOR DE «PARA SEGUIR BAILANDO»

«O escritor non pode evitar ser un cronista do seu tempo»

Dez relatos sobre a realidade compoñen o novo libro do autor ourensán

Camilo Franco

REDACCIÓN | Dez relatos asumen o protagonismo do novo libro de Francisco X. Fernández Naval, *Para seguir bailando*. Publicadas por Xeiras, as dez historias reparan na dureza dalgunhas circunstancias cotiás e advirten a necesidade de continuar adiante.

—Os relatos que compoñen o libro ofrecen, en conxunto, unha lectura algo desacougan- te da realidade. ¿Foi buscada de partida ou é unha circunstancia inevitable?

—Os primeiros relatos que escribo e que forman parte del, *Noite de pallabarro* e *A noite de Ith*, non tiñan aínda unha pretensión concreta, unha concepción de conxunto. Pero cando escribo *Noite de cloroformo* e *Ovos de serpe*, si me dou conta de que podo construír un libro no que ofrezca esa perspectiva, que, por outra banda, non é máis que a realidade que vivimos. Para min que é un libro que olla arredor e que repara no que se agocha nos recunchos da sociedade e iso non é acougan- te. Velaí están a corrupción, o abuso de menores, a violencia de xénero, a fin dunha cultura e o abandono do rural, todo iso está á nosa beira e é desacougan- te, aínda que ás veces prefiramos non reparar nas cousas. Nese senso quizais sexa algo inevitable pero procurado.


—¿No ton do conxunto dos relatos hai unha intención

máis testemuñal que reivindicativa?

—Digamos que a reivindicación vai implícita. A intención é contar a vida e si é certo que hai moito de testemuña. Xa dende o primeiro relato, no que se narra a descuberta por un grupo de adolescentes da violencia criminal da guerra como un xogo, ata o último no que o azar ten un papel determinante, a intención testemuñal é real. Sucede que cruzado un determinado limiar de idade, un olla para atrás e comproba que hai moita literatura no que levamos vivido, que a literatura, dalgún xeito, podemos ser nós mesmos. Non é só xa a certeza de sempre de que emprestamos cousas nosas ao que escribimos, senón que nós podemos ser o que escribimos e iso sen que todo o que se conta no libro sexa real, pero si hai sempre, como na vida, un territorio difuso entre o real e o imaxinario, un golpe de azar ou de fantasía que fai máis real o real.

—Os seus lectores máis asiduos recoñecerán alusións a obras anteriores e algunhas circunstancias procedentes da historia de Ourense.

—Hai unha conexión real entre algúns destes relatos e outras obras anteriores, en particular coas novelas: *O bosque das antas*, *Tempo de Crepúsculo* e *Sombras no labirinto*. Aínda entre os relatos hai fíos pouco visibles pero que conectan entre



O Ourense natal de Fernández Naval está moi presente no libro | SANTI M. AMIL

si a algúns. Ourense forma parte do libro como territorio literario persoal que é. Son varios os relatos que se sitúan na cidade ou nos arredores. O que menos me interesa é que alguén determine que unha das historias responde a un momento histórico determinado, que a identifique como real. O que me importa é a historia e o que conta. Por exemplo, ese caso de abuso sexual por parte dun membro da igrexa, pode suceder en Ourense ou en calquera outro lugar, pero responde a un feito que sucedeu e sucede na nosa sociedade, algo sórdido, que aínda se oculta, algo sobre o que a sociedade aínda non é quen de exercer a súa xustiza civil.

—Dúas circunstancias comúns do libro son a realidade e estar escrito dende o presente.

—Si é un libro sobre a realidade, sobre o seu reflectir, sobre as súas sombras e, se cadra, tamén pode ser considerado realista, pero para min que se afasta do realismo, tal e como o entendemos habitualmente, polo xeito de narrar, polas perspectivas múltiples, pola maneira na que se constrúe o monólogo in-

terior. Para min que sempre estamos a escribir sobre a realidade. Sempre hai unha lectura metafórica, sempre o escritor actúa coma espello do que o rodea, aínda cando pretende ignoralo. Nese senso o escritor non pode evitar ser un cronista do seu tempo.

—¿A intención do libro é tamén lembrarlle ao lector que hai que continuar a pesar das circunstancias?

—Iso está no título. Hai que seguir bailando, hai que seguir para adiante, xa que ese é o espírito que nos permitiu chegar ata aquí e contar, ler e compartir o que contamos, lemos e compartimos. Esa é tamén a riqueza, o que fai da vida o valor único e irrenunciabile que é. Hai a reivindicación de que por riba das grandes palabras, por riba das corporacións, por riba dos valores escritos en cartas fundacionais, en constitucións e libros relixiosos, está o home, pequerrecho e ao tempo, cos seus valores, co ben que leva dentro, ben do que ás veces non é consciente, que ás veces o coloca en situación de risco, pero que fai sen que lle importe.